



ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAXAMONDE
14 DE FEBREIRO DE 2018

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación acta anterior, xuntanza do 9 de novembro de 2017**
- 2.- Proposta para orzamentos participativos**
- 3.- Información de obras**
- 4.- Rogos e preguntas**

No Centro Cultural Chan das Pipas de Saxamonde, sendo as vinte horas e trinta minutos do día catorce de febreiro de dous mis dezaoto, logo da convocatoria, reuníronse os seguintes membros :

REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

BNG.- Xoan Carlos González Campo

AER.- J. Roberto Darriba Ferradás

REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS

José Luis Tornero López

REPRESENTANTES DA COMUNIDADE DE MONTES

Ana Senra Pérez

Francisco Favorecido Andrés

REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS DE MULLERES

Natividad Campo Castro

Valentina Vilaboa Amoedo

REPRESENTANTES DAS COMUNIDADES DE AUGAS

Manuel Álvarez Bernárdez

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Saxamonde convocada para o día de hoxe.

1.- Aprobación acta anterior

Sométese a votación a acta da xuntanza de data 9 de novembro de 2017 que resulta aprobada pola unanimidade das/os membros presentes.

Xoan Carlos González Campo indica que se atopa pendente de aprobación a acta da xuntanza do 5 de setembro de 2017.

A Presidenta di que se procederá á súa votación na vindeira sesión que se celebre e voltarse a enviar a acta a todas/os membros.



2.- Proposta para orzamentos participativos

Francisco Favorecido Andrés indica que é prioritario o lomo de burra.

José Luis Tornero López di que aínda non se xuntaron os colectivos veciñais e cando o fagan enviarán un correo electrónico para que lle chegue ao Concello.

Xoan Carlos González Docampo pregunta como se van tratar os orzamentos participativos este ano, xa que está o orzamento prorrogado, polo que quere saber se vai haber aumento de partida.

Roberto Darriba Ferradás quere facer constar que sen orzamento se poden executar os participativos e que non se está cumprindo o acordo plenario sobre os participativos.

A Presidenta informa que se poden levar porque se cambiaron polo do ano que non se fixeron.

Roberto Darriba Ferradás di que se fixeron transferencias de crédito.

A Presidenta di que existe partida para os participativos.

3.- Información de obras

A Presidenta informa das obras que se pretenden facer na parroquia de Saxamonde este ano:

1.- Saneamento en Padrón. Informa que actualmente o tema das cesións implica un trámite administrativo máis complicado, xa que téñense que documentar con escrituras e houbo que esperar a contestación de Patrimonio, pero actualmente o expediente xa se atopa no departamento de contratación.

2.- Ponte de RENFE en Casal do Monte. O orzamento está aprobado. Agora estase coa ampliación dende o Labrador cara arriba, tratando coa veciñanza para o tema das cesións, que supón un traballo moi grande debido a que hai que xuntar moita documentación.

Roberto Darriba Ferradás di que está ben que quede ben documentado para evitar problemas no futuro.

A Presidenta di que despois se falará cos grupos políticos e dependerá do que eles decidan.

Xoan Carlos González Docampo di que ese proxecto se facía co Plan Concellos 2017.

A Presidenta informa que hai dous proxectos un sobre a Ponte e outro sobre a ampliación, para este último é para o que hai que dotar partida orzamentaria, e dependerá dos grupos políticos porque farase co remanente

Xoan Carlos González Docampo di que co remanente do ano pasado houbo un



desfase de 300.000 euros e quedaron moitas obras por facer.

Roberto Darriba Ferradás di que o equipo de goberno o que ten que facer é aprobar os orzamentos para xestionar e que nunha xuntanza cos grupos políticos o Alcalde dixo que os grupos tratarían as prioridades do remanente. Isto non é o que se está facendo, xa que nos consellos o que se di é que se non se aproban as obras é por culpa dos grupos políticos.

A Presidenta informa que as obras son propostas pola veciñanza. Ésta obra da ponte leva dous anos e non é un proxecto inventado, senon pedido pola propia veciñanza.

Roberto Darriba Ferradás di que o equipo de goberno quere gobernar só co remanente sen aprobar o orzamento xeral do Concello.

A Presidenta di que as obras que se fagan co remanente van ao Pleno, polo que teñen que contar coa aprobación de todos os grupos políticos. Os gastos do remanente hai que gastalos dentro do ano, senon pasan a amortizar crédito.

Roberto Darriba Ferradás di que non se pode facer obras sen aprobar o orzamento, por iso hai que ir ao remanente, pero o que hai que facer é aprobar o orzamento.

Xoan Carlos González Campo informa que para o BNG a obra prioritaria en Saxamonde é o saneamento dos Valos.

A Presidenta di que o problema é o tempo porque require moita documentación para as cesións, xa se estivo mirando todo, que queda moito saneamento por facer.

Xoan Carlos González Campo di que o BNG tivo como prioridade o saneamento e fixo colectores nos que se están enganchando o saneamento e lle pregunta á Presidenta ónde se está enganchado.

A Presidenta di que nos colectores que hai. O problema do saneamento dos Valos son as propiedades. Hai sobre todo un problema cunha delas e estase vendo outra alternativa con ADIF para levar a obra por outro lado. Trabállase con ADIF para que non dean para atrás ao proxecto, xa que se se fai sen contar con eles e non o aproban son cartos que se gastan.

3.- Saneamento da escolar para abaixo.

Valentina Vilaboa Amoedo pregunta polo saneamento das 4 casas de abaixo da vía. A Presidenta di que non teñen solución, preguntará e volverá a informar no seguinte consello.

4.- Rogos e preguntas

José Luis Tornero López informa que segue o problema das augas pluviais na nacional enfrente da de Ballote.

A Presidenta se fixo unha reclamación a Fomento e que a traerá ao consello parroquial.



José Luis Tornero López di que tamén segue baixando auga pola de Valentina. A Presidenta di que está mal feita a obra por Fomento e que haberá que requerirle de novo.

José Luis Tornero López informa que xa se tratou en anteriores consellos o tema, pero que cando se solicita que no caso de facer obras se avise a alguén da parroquia é moi importante para minorar danos. Por exemplo o que pasou con Rever que trouxo unha pala e picou unha tubería e despois de feito o dano tívose que contactar co veciño para pechar as chaves, xa que os da obra non sabían onde estaban. Se se tivera contactado co veciño antes ao mellor poderíase ter evitado o problema que supuxo deixar a veciños sen auga e o maior problema é que os contadores se atascan polo barro, xa que esa zona é de moita presión. A raíz disto a xente cabréase e o pagan os da directiva de augas sen ter culpa ningunha.

Un tema que lle parece que tamén hai que voltar a retomar é o da rotonda dos Valos, xa que hai unha moción e un acordo plenario e Fomento segue sen responder.

A Presidenta di que Fomento está resolvendo moitos temas históricos e que o da rotonda chegará.

Francisco Favorecido Andrés pregunta polo último poste do camiño da vía, que se necesitaba que se cambiara a súa ubicación 20 centímetros, xa que despois de facer o buraco un veciño o tampou e quedou sen poñer.

A Presidenta informa que do proxecto das luces non quedou ningún punto sen poñer, pero se o problema é un punto de luz nun lugar concreto se toma nota se se coloca.

Natividad Campos Castro di que tamén fai falta un punto de luz na curva de San Román.

Valentina Vilaboa Amoedo informa que tamén fai falta un punto de luz no Camiño do Monte, pero que habería que meter cable porque foi arrancado nun temporal.

Xoan Carlos González Campo pregunta sobre a noticia do cambio do tellado do colexio de Quintela, xa que hai moitos nenos/os de Saxamonde que van alí, se se sabe cando se van facer.

A Presidenta di que ten que preguntar, que se supón que será no verán, xa que hai que sacar toda a chapa.

Xoan Carlos González Campo di que no Pleno de decembro se levou a creación dunha comisión formada por técnicos, políticos e veciños para o tema dos lindes co Concello de Mos. Quería saber porque non hai ningún representante da parroquia de Saxamonde, pois as parroquias que lindan con Mos son Saxamonde e Vilar de Infesta e só hai representantes de Vilar.

Roberto Darriba Ferradás di que o linde de Saxamonde con Mos son sobre todo fincas particulares.

José Luis Tornero López di que tamén hai monte comunal.

Roberto Darriba Ferradás di que está parado porque non entenden que o



representante do alcalde teña que ser do PP.

A Presidenta di que Cándido Vilaboa é representante da veciñanza e non importa que sexa do PP, xa que é o que máis coñece o monte tanto de Saxamonde como o de Vilar de Infesta.

Roberto Darriba Ferradás e Xoan Carlos González Campo din que non se opoñen a que estea Cándido Vilaboa. Roberto Darriba Ferradás di que o problema é que o representante político non ten porque ser do PP, asemado só vai ser un mero espectador non ten poder de decisión.

Xoan Carlos González Campo di que o normal sería que houbera un representante de cada parroquia afectada e se elixiran nos consellos parroquiais.

José Luis Tornero López pregunta porque se tratou o tema dos lindes con Mos e non con Pazos de Borbén, que tamén hai problemas.

Roberto Darriba Ferradás di que o o tema de Mos se trata por requirimento deste Concello e tamén hai problemas de lindes con Soutomaior.

Natividad Campos Castro pregunta pola Fonte de Trujallo. A Presidenta di que xa se foi mirar.

Valentina Vilaboa Amoedo pregunta polos columpios da Escola Vella.

A Presidenta di que actualmente só se poden arranxar cos orzamentos prorrogados.

E non habendo máis temas na orde do día, a Presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que coma secretaria do consello DOU FE.